

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

**12485** Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.

O marco normativo comunitario aplicable aos fondos europeos estruturais e de investimento no período de programación 2014-2020 está constituído, basicamente, polo Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1083/2006 (en diante, Regulamento (UE) n.º 1303/2013). Este regulamento establece, no seu artigo 65, número 1, que a subvencionabilidade do gasto se determinará sobre a base de normas nacionais, salvo que no citado regulamento ou nas normas específicas dos fondos, ou baseándose neles, se establezan normas específicas.

O contido do artigo 65 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 non supón unha completa novidade respecto á normativa reguladora do período de programación 2007-2013. Así, o artigo 56 do Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo, establece, no seu número 4, que as normas de subvencionabilidade do gasto se establecerán a nivel nacional e que as ditas normas cubrirán a totalidade do gasto declarado no marco de cada programa operativo.

En aplicación do mencionado precepto aprobouse a Orde EHA/524/2008, do 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Cohesión.

Dando cumprimento ao mandato normativo contido no artigo 65 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, e co obxecto de se adaptar aos requirimentos do novo período, no cal o Reino de España non é beneficiario do Fondo de Cohesión, cómpre a redacción dunha disposición que estableza as normas nacionais de elixibilidade para o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período de programación 2014-2020. Trátase dunha norma máis extensa e detallada que a existente no período de programación anterior, dada a ampla dispersión normativa ditada a nivel comunitario onde se limitan, precisan ou regulan aspectos concretos que afectan os gastos das operacións cofinanciadas e, por tanto, o seu carácter subvencionable.

Na elaboración das normas que se aproban tívose en conta o establecido no Regulamento (UE) n.º 1303/2013, en particular nos seus artigos 37 e 42, así como no capítulo III do título VII. Tamén se tomaron en consideración o Regulamento (UE) n.º 1301/2013, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1080/2006; as normas específicas sobre os gastos subvencionables recollidas no capítulo V do Regulamento (UE) n.º 1299/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións específicas relativas ao apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao obxectivo de cooperación territorial europea; o Regulamento delegado (UE) n.º 480/2014 da Comisión, do 3 de marzo de 2014, que complementa o Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da

Pesca; o Regulamento delegado (UE) n.º 481/2014 da Comisión, do 4 de marzo de 2014, que complementa o Regulamento (UE) n.º 1299/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta ás disposicións específicas en materia de subvencionabilidade dos gastos para os programas de cooperación, e o Regulamento de execución (UE) n.º 964/2014 da Comisión, do 11 de setembro de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación no que respecta ás condicións xerais para os instrumentos financeiros, por citar os máis representativos.

Como consecuencia, incorporáronse novidades con respecto ao texto normativo anterior que se traducen nunha estrutura diferente e na incorporación de preceptos normativos relativos a cuestións anteriormente non tratadas de forma específica.

De todo o exposto, e co fin de dar cumprimento aos mandatos que se establecen nos textos normativos anteriormente mencionados, xorde esta orde ministerial pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, cuxas dezanove normas se estruturan en catro títulos.

O primeiro dos títulos, dividido en tres preceptos, detalla as normas xerais en relación coa elixibilidade dos gastos; enuméranse os gastos que non son subvencionables polo Feder e establécense as condicións específicas relativas aos gastos subvencionables en función da súa localización.

O segundo dos títulos, que consta de once normas, refírese ás normas aplicables ás subvencións e á asistencia reembolsable. Como novidades máis significativas introducidas na nova regulación poden destacarse os números relativos aos custos de persoal, ás contribucións en especie e á regulación dos denominados «custos simplificados».

O terceiro dos títulos, baixo a epígrafe de Normas aplicables aos instrumentos financeiros, desenvolve, desde a perspectiva da elixibilidade dos gastos, as especialidades que deben cumprir os instrumentos financeiros que reciben apoio dos fondos, así como os límites e a forma de determinar o seu gasto elixible.

Por último, no seu título IV, considerouse conveniente establecer disposicións específicas aplicables aos programas no marco da cooperación territorial europea. Precísase que as normas incluídas na orde se aplicarán con carácter supletorio ás que se poidan aprobar para cada programa operativo no marco da cooperación territorial europea.

A orde dítase ao abeiro do previsto no artigo 12.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que atribúe aos ministros o exercicio da potestade regulamentaria nos termos previstos na lexislación específica e de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Na súa virtude, por proposta da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e de acordo co Consello de Estado dispoño:

*Artigo único. Aprobación das normas sobre gastos subvencionables.*

Apróbanse as normas sobre os gastos subvencionables polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e que sexan financiados conforme o establecido no Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición transitoria única.

Esta orde non afectará a continuación, a modificación ou a cancelación total ou parcial das operacións aprobadas pola Comisión ou incluídas en programas operativos aprobados pola Comisión, sobre a base do Regulamento (CE) n.º 1083/2006, para cuxos gastos

seguirá resultando aplicable a Orde EHA/524/2008, do 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Cohesión.

Disposición derogatoria única.

Sen prexuízo do disposto na disposición transitoria única, queda derogada a Orde EHA/524/2008, do 26 de febreiro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante, as normas sobre gastos subvencionables que se establecen nela serán de aplicación aos gastos efectivamente pagados a partir do día 1 de xaneiro de 2014.

Madrid, 29 de decembro de 2016.–O ministro de Facenda e Función Pública, Cristóbal Montoro Romero.

## **NORMAS SOBRE OS GASTOS SUBVENCIONABLES DOS PROGRAMAS OPERATIVOS FINANCIADOS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)**

### TÍTULO I

#### **Normas xerais**

##### *1. Gastos subvencionables. Norma xeral*

1. Os fondos do Feder utilizaranse para proporcionar axuda en calquera das formas a que se refire o artigo 66 do Regulamento UE n.º 1303/2013.

2. Os gastos subvencionables deberán corresponder de maneira indubidable á operación cofinanciada, sen máis limitacións que as derivadas da normativa comunitaria e da lexislación nacional aplicables, e as recollidas nas presentes normas.

3. Só será subvencionable o gasto se o beneficiario incorreu nel e o aboou entre o 1 de xaneiro de 2014 e o 31 de decembro de 2023, sen prexuízo do que se estableza para a asistencia técnica por iniciativa da Comisión ou as excepcións amparadas expresamente pola Comisión e polas normas que puidesen afectar a data de finalización e peche dos programas operativos.

4. Só se entenderá aboado o gasto cando se produza o desembolso efectivo. Cando se utilicen notas promisorias, letras de cambio ou outros efectos cambiarios, os gastos só se considerarán aboados cando o seu pagamento se fixese efectivo antes da fin do período de elixibilidade.

5. Non será necesario xustificar o desembolso efectivo nos casos de contribucións en especie, amortización de bens inventariables, axudas que revistan calquera das formas de custos simplificados a que se refire do artigo 67, número 1, letras b), c) e d), o Regulamento (UE) 1303/2013, e naqueles casos en que existan excepcións aplicables aos instrumentos financeiros. Non obstante, no caso de custos simplificados, será necesario xustificar o desembolso daqueles gastos en que efectivamente se incorreu que sirvan de base para a aplicación do tipo fixo.

6. En caso de custos simplificados do artigo 67, número 1, letras b) e c), do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, serán subvencionables aqueles gastos respecto aos cales as accións que constitúan a base para o seu reembolso se levasen a cabo dentro do período mencionado no número 3 da presente norma.

## 2. *Gastos non subvencionables*

Non serán subvencionables os gastos que a continuación se relacionan:

- a) Os xuros debedores e os demais gastos financeiros, salvo as bonificacións de xuros ou as bonificacións de comisións de garantía incluídas nos réximes de axuda e as excepcións admitidas para os instrumentos financeiros.
- b) Gastos relacionados coas flutuacións dos tipos de cambio de divisas.
- c) O imposto sobre o valor engadido que sexa recuperable conforme a normativa nacional e o imposto xeral indirecto canario recuperable, así como os impostos de natureza similar que sexan recuperables conforme a normativa nacional, sen prexuízo do establecido para os instrumentos financeiros.
- d) Os impostos persoais sobre a renda.
- e) Xuros de demora, recargas, multas e sancións económicas e gasto en que se incorra por litixios e disputas legais.
- f) Na adquisición de bens e servizos mediante contratos públicos:
  1. Os descontos efectuados.
  2. Os pagamentos efectuados polo contratista á Administración en concepto de taxa de dirección de obra, control de calidade ou calquera outro concepto que supoña ingresos ou descontos que deriven da execución do contrato.
- g) Os incorridos en relación con ámbitos excluídos das axudas do Feder conforme o artigo 3 do Regulamento (UE) n.º 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1080/2006 (en diante, Regulamento UE n.º 1301/2013).
- h) Aqueles que, para unha determinada operación ou categoría de operacións:
  - i. Sexan declarados non subvencionables por parte da autoridade de xestión ou do organismo intermedio responsable da súa selección, atendendo, de ser o caso, aos criterios establecidos polo comité de seguimento.
  - ii. Se executen fóra do período que para a subvencionabilidade do gasto poida fixarse expresamente no documento que establece as condicións da axuda, ou nas súas modificacións.

## 3. *Gastos subvencionables en función da localización*

1. Será elixible o gasto en que se incorra en operacións apoiadas polo Feder que estean localizadas na zona do programa correspondente. En caso de que un mesmo programa abarque o territorio de distintos tipos de rexións, cada tipo de rexión será considerada unha área do programa diferente.
2. A localización dunha operación dependerá do modo en que esta se defina. Para efectos de determinar a localización dunha operación nunha determinada área do programa aplicaranse as seguintes regras:
  - a) As operacións definidas como investimento en infraestruturas, bens inmobles, bens de equipamento ou outros elementos entenderanse realizadas no lugar onde se localiza fisicamente o investimento. En caso de operacións que consistan en investimentos para os que non sexa posible determinar a localización física, aplicaranse os criterios expostos na letra c).
  - b) As operacións consistentes no desenvolvemento dunha actividade determinada ou prestación dun servizo identificable entenderanse localizadas no lugar onde se desenvolve a mencionada actividade ou se presta o servizo. As actividades levadas a cabo polo persoal do beneficiario no desempeño das súas funcións entenderanse desenvolvidas no territorio en que se localice o centro ao cal o mencionado persoal estea adscrito sen prexuízo de que parte das actuacións materiais necesarias para executar a operación se

realicen fóra del. Os servizos que se prestan de maneira xeral a todos ou parte dos cidadáns dun ou de diversos territorios entenderanse desenvolvidos a pro rata nas distintas áreas afectadas.

c) As operacións definidas como o apoio, o fomento ou a promoción dun beneficiario ou da totalidade ou parte da súa actividade consideraranse localizadas na sede do beneficiario. Entenderase por sede do beneficiario o centro onde desenvolva a súa actividade ou exerza funcións. Cando o beneficiario teña varias sedes ou desenvolva a súa actividade en distintos centros, a operación localizarase no lugar onde estea o centro en que se desenvolva a parte da actividade que se fomenta ou se promociona. Se a operación consiste no apoio ou promoción ao beneficiario ou ao conxunto da súa actividade sen distinción, entenderase localizada a pro rata entre os distintos centros afectados. Se, atendendo á natureza da operación, non proceder ou non for posible identificar os centros afectados, a operación entenderase localizada na sede social de beneficiario.

3. Será elixible o gasto correspondente a unha operación que se execute fóra da zona do programa, conforme o establecido no artigo 70 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013. Para estes efectos, o documento que establece as condicións da axuda deberá recoller expresamente, cando proceda:

a) A xustificación de que a operación beneficia a zona do programa e a estimación dos beneficios que se concentrarán nela, en termos porcentuais sobre o total dos esperados.

b) A autorización da autoridade de xestión ou do órgano en que esta delegase funcións.

c) Referencia ao consentimento do comité de seguimento á operación ou ao tipo de operación en cuestión.

4. En caso de operacións incluídas en programas plurirrexionais cuxos beneficios sexan susceptibles de afectar indistintamente diversas rexións ou zonas do programa, o gasto poderá ser elixible a pro rata.

No caso das asignacións para apoiar operacións de asistencia técnica, cando o gasto relacionado coas operacións se execute no marco dun eixe prioritario que combine distintas categorías de rexión, este poderá atribuírse entre elas a pro rata como unha porcentaxe da asignación total ao Estado membro.

5. No caso de operacións relacionadas con asistencia técnica ou actividades promocionais, poderá incorrerse en gastos fóra da Unión, sempre que se cumpran as condicións do artigo 70, número 2, letra a) do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 e as obrigacións relativas á xestión, ao control e á auditoría da operación.

6. Estas disposicións son de aplicación sen prexuízo das excepcións admitidas para os instrumentos financeiros, así como para as operacións encadradas no obxectivo de cooperación territorial europea.

## TÍTULO II

### **Normas aplicables ás subvencións e asistencia reembolsable**

#### *4. Formas das subvencións e asistencia reembolsable*

1. As subvencións e a asistencia reembolsable poderán, coas limitacións establecidas na presente norma, así como nas demais disposicións nacionais ou comunitarias que resulten de aplicación, revestir calquera das formas a que se refire o artigo 67, número 1, do Regulamento (UE) n.º 1303/2013.

2. As opcións indicadas no número anterior só poderán combinarse se cada unha delas comprende diferentes categorías de custos subvencionables, se utilizan para diferentes proxectos que forman parte dunha operación ou se empregan para fases sucesivas dunha operación.

## 5. Custos indirectos

1. Os custos indirectos serán subvencionables sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que conste expresamente que son subvencionables, así como o método para o seu cálculo, no documento en que se establecen as condicións da axuda, conforme os criterios aprobados no comité de seguimento.

b) Que estean baseados en custos reais imputables á execución da operación en cuestión de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas, ou ben en custos calculados conforme algún dos métodos simplificados de estimación a que se refire a norma 12 desta orde.

2. Terán a consideración de custos indirectos todos aqueles custos que, aínda que non se poidan vincular directamente coa operación subvencionada, son necesarios para a súa execución.

## 6. Custos de persoal e custos de servizos prestados por persoal externo

1. Os custos de persoal serán subvencionables na medida en que se incorrese neles efectivamente e se xustifiquen mediante os correspondentes documentos acreditativos do gasto e do pagamento. Tamén o serán aqueles que resulten admisibles segundo un sistema de custos simplificados conforme as normas 12 e 14 da presente orde. Só serán subvencionables aqueles gastos do persoal relacionado con actividades que a entidade non levaría a cabo se non realizase a operación en cuestión.

2. Considéranse custos de persoal subvencionables os custos brutos de emprego do persoal do beneficiario. Estes gastos inclúen:

a) os soldos e salarios fixados nun contrato de traballo, nunha decisión de nomeamento («acordo laboral») ou na lei, que teñan relación coas responsabilidades especificadas na descrición do posto de traballo correspondente;

b) e outros gastos soportados directamente polo empregador como cotizacións sociais, achegas a plans de pensións, así como outras prestacións en favor dos traballadores que sexan obrigatorias en virtude de lei ou convenio ou habituais atendendo aos usos do sector e sempre que non sexan recuperables.

Os custos das viaxes, indemnizacións ou axudas de custo non teñen natureza de gastos de persoal, sen prexuízo de que poidan ser subvencionables.

3. Serán subvencionables os custos derivados de contratos de servizos prestados por persoal externo sempre que estes custos poidan identificarse claramente.

## 7. Terreos e bens inmobles

1. Serán subvencionables as adquisicións de terreos e de bens inmobles nos cales exista unha relación directa entre a compra e os obxectivos da operación e sempre que non se superen os límites establecidos na presente norma.

2. Só será subvencionable a adquisición de terreos non edificadas e de terreos edificadas por un importe que non exceda o 10 % do gasto total subvencionable da operación de que se trate.

3. Non obstante o sinalado no número anterior, no caso de zonas abandonadas e daquelas cun pasado industrial que comprendan edificios, este límite aumentará até o 15 %. A posibilidade de aplicar esta opción deberá estar expresamente establecida nos criterios de selección de operacións aprobados polo comité de seguimento, entre os que deberán recollese aqueles que permitan xustificar o abandono ou o pasado industrial da zona en cuestión. A porcentaxe que finalmente se considere subvencionable deberá figurar no documento en que se establezan as condicións da axuda.

4. En casos debidamente xustificados, a autoridade de xestión poderá autorizar que a dita porcentaxe se incremente para as operacións relativas á conservación do ambiente. No documento en que se establezan as condicións da axuda deben figurar expresamente a xustificación e a porcentaxe.

5. As anteriores porcentaxes non serán de aplicación naqueles casos en que a operación consista, atendendo ao seu obxecto e finalidade, na adquisición de edificacións xa existentes para seren rehabilitadas ou postas en uso para un novo propósito, de modo que o terreo en que estas se asentan non constitúa o elemento principal da adquisición. Non se considerará que a edificación constitúe o elemento principal dunha adquisición, calquera que sexa o obxecto ou finalidade da operación, cando o valor de mercado do solo exceda o valor de mercado da edificación no momento da compra, salvo no caso de operacións que teñan por obxecto a adquisición de edificacións, incluídas vivendas de segunda man, destinadas a realoxar persoas en situación de vulnerabilidade social para as cales a autoridade de xestión así o autorice. A autorización da autoridade de xestión establecerá o prazo mínimo de afectación do inmovible á dita finalidade, que non poderá ser inferior a 15 anos.

6. As adquisicións de bens inmoables deberán utilizarse para os fins e durante o período que se prevexa expresamente no documento en que se fixan as condicións da axuda e, en todo caso, durante o período previsto no artigo 71 do Regulamento UE n.º 1303/2013 ou o que se estableza nas normas que regulan as axudas de estado.

7. O importe subvencionable non poderá superar o valor de mercado dos terreos e dos bens inmoables, o que se acreditará mediante certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial ou dun organismo público debidamente autorizado. Este certificado non será necesario no caso de adquisicións mediante expropiación forzosa, sempre que se siga o procedemento establecido na súa normativa específica para a fixación do prezo.

8. Non será subvencionable a adquisición dos terreos ou de bens inmoables que pertencen ou pertencen durante o período de elixibilidade ao organismo responsable da execución ou a outro organismo ou entidade, directa ou indirectamente, vinculado ou relacionado con el.

#### *8. Custos de depreciación*

Será subvencionable o custo de depreciación dos bens amortizables que estean afectos ao desenvolvemento da operación sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que o custo de adquisición do ben estea debidamente xustificado por documentos de valor probatorio equivalente ao de facturas.
- b) Que os activos depreciados non se adquirisen con axuda de subvencións públicas nin a adquisición fose obxecto de cofinanciamento por parte dos fondos.
- c) Que a amortización se calcule de conformidade coa normativa contable nacional pública e privada.
- d) Que o custo de depreciación se refira exclusivamente ao período de elixibilidade da operación.

#### *9. Bens de equipamento de segunda man*

Os custos de adquisición de bens de equipamento de segunda man serán subvencionables sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que conste unha declaración do vendedor sobre a orixe dos bens e sobre que estes non foron obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria, e
- b) Que o prezo non sexa superior ao valor de mercado de referencia nin ao custo dos bens novos similares. Estes aspectos acreditaranse mediante certificación de taxador independente.

### 10. Contribucións en especie

1. Poderán ser subvencionables aquelas contribucións en especie efectuadas por terceiros distintos do beneficiario en forma de terreos ou bens inmobles que, formando parte da investimento, non fosen obxecto de ningún pagamento en efectivo documentado con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente sempre que o programa así o dispoña e se cumpran todos os criterios seguintes:

a) Que o apoio público aboado á operación que inclúa contribucións en especie non exceda o gasto subvencionable total, excluídas as contribucións en especie, ao final da operación.

b) Que o valor atribuído ás contribucións en especie non exceda os custos xeralmente aceptados no mercado de referencia.

c) Que o valor e a execución da contribución se poidan avaliar e verificar de forma independente.

d) Que estea previsto no documento onde se establezan as condicións da axuda, onde deberá xustificarse a necesidade a que responde a admisión das contribucións en especie.

e) Que se poida efectuar un pagamento en efectivo para efectos dun contrato de arrendamento cuxo importe nominal anual non exceda unha única unidade da moeda do Estado membro.

2. Se a contribución en especie consiste na transmisión da propiedade dos terreos ou os bens inmobles, deberá achegarse o documento rexistral que xustifique o cambio de titularidade.

3. O valor dos terreos ou bens inmobles que constitúan a contribución en especie obxecto de cofinanciamento deberá estar certificado por un experto independente cualificado ou un organismo oficial debidamente autorizado e deberá ter en conta as condicións da contribución efectuada.

4. Para os efectos de determinación do valor dos dereitos reais de desfrute e a núa propiedade en que consista a contribución, deberanse seguir os criterios do artigo 10 do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro. En caso de que a achega consista nunha cesión do uso do ben sen contraprestación pero non se constitúa un dereito real, o seu valor será o resultante de aplicar as normas do imposto sobre o valor engadido para determinar a base imponible da operación. Se o beneficiario ou a operación non están suxeitos a IVE, a valoración será a mesma á que procedería en caso de terse constituído un usufruto. O valor resultante non poderá ser superior ao xeralmente aceptado no mercado de referencia. As achegas en especie de terreos e bens inmobles deberán respectar, se for o caso, os límites establecidos na norma 7 da presente orde.

### 11. Gastos das administracións e organismos públicos relativos á preparación ou execución de operacións

1. Ademais da axuda técnica para o programa operativo conforme o artigo 59 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, serán subvencionables os gastos seguintes aboados polas autoridades públicas durante a preparación ou execución dunha operación:

a) Os custos dos servizos profesionais prestados por unha autoridade pública distinta do beneficiario durante a preparación ou execución dunha operación;

b) Os custos dos servizos relativos á preparación e execución dunha operación prestados por unha autoridade pública cando ela mesma sexa a beneficiaria e estea executando unha operación por conta propia sen recorrer a prestadores de servizos externos.

2. A autoridade pública en cuestión ben facturará ao beneficiario os custos a que se refire o número 1, letra a), ben certificará os ditos custos sobre a base de documentos de



valor acreditativo equivalente que permitan a identificación dos custos reais pagados pola autoridade en concepto da operación.

3. Os custos a que se refire o número 1, letra b), serán subvencionables cando sexan custos adicionais e relacionados cos gastos real e directamente aboados con cargo á operación cofinanciada.

4. Para os efectos previstos nesta norma considerárase administración ou organismo público toda aquela entidade que realice «gasto público» tal e como se define no artigo 2 do Regulamento (UE) 1303/2013.

#### 12. *Opcións de custos simplificados. Norma xeral*

1. Sen prexuízo do establecido para os custos indirectos e para os de persoal, a autoridade de xestión, conforme os criterios aprobados polo comité de seguimento, poderá autorizar para unha ou varias categorías de operacións, que determinados custos que se xustifiquen a través das modalidades de custos simplificados mencionadas no artigo 67, número 1, letras b) c) e d), do Regulamento n.º (UE) 1303/2013, sexan subvencionables. A autorización deberá incluír:

- a) A forma ou modalidade de custos simplificados aplicable.
- b) Categorias de custos que se xustificarán a través da dita modalidade, de ser o caso.
- c) Método que debe aplicarse para determinar os custos da operación.
- d) Requisitos de xustificación e de pista de auditoría que deberán cumprir os beneficiarios.
- e) Condicións para o pagamento da subvención.
- f) Plan de verificación sobre a correcta aplicación do método de estimación dos custos e da correcta cuantificación deles.

A información a que se refiren as letras a) a e) do presente número deberá figurar expresamente no documento en que se establecen as condicións de axuda para cada operación.

2. Os importes a que se refire o parágrafo anterior deberán establecerse dalgunha das maneiras a que se refire o artigo 67, número 5, do Regulamento (UE) n.º 1303/2013.

3. Se unha operación ou un proxecto que forma parte dunha operación se executa exclusivamente mediante un contrato público, estea ou non por encima dos limiares que fixan as directivas comunitarias sobre contratación, non poderán reembolsarse custos polas opcións de custos simplificados. O prezo pagado ao contratista que fose fixado conforme as normas que rexen o procedemento de contratación pública é un custo real aínda que a súa determinación se efectúe sobre a base de custos unitarios ou sumas globais previamente definidas.

4. Nos supostos de contratación nun proxecto executado polo propio beneficiario, o que significa que controla plenamente a súa xestión e a súa execución, as opcións de custos simplificados poderán ser aplicables, mesmo aínda que se subcontraten algunhas das categorías de custos do proxecto, sempre que tal posibilidade estea prevista expresamente no documento en que se establecen as condicións de axuda para cada operación.

#### 13. *Financiamento a tipo fixo dos custos indirectos*

1. Os custos indirectos subvencionables conforme o establecido no artigo 5 da presente orde poderán calcularse a un tipo fixo de até o 15 % dos custos directos de persoal subvencionables sen que se estea obrigado a efectuar cálculo ningún para determinar o tipo e sen que sexa necesaria a autorización da autoridade de xestión. Para os efectos de determinar a base á cal se aplicará esta porcentaxe fixa poderanse ter en conta os custos derivados de contratos de servizos prestados por persoal externo ou adscrito sempre que os ditos custos se poidan identificar claramente.

2. Poderanse calcular, igualmente, os custos indirectos subvencionables, logo de autorización da autoridade de xestión, a un tipo fixo que cumpra os requisitos establecidos no artigo 68, número 1, letras a) e c), do Regulamento (UE) n.º 1303/2013.

#### *14. Opcións de custos simplificados aplicables aos custos de persoal*

1. Os custos de persoal subvencionables dunha operación poderanse determinar mediante a aplicación dunha tarifa sobre o número de horas efectivamente dedicadas á execución da dita operación, sen necesidade de autorización por parte da autoridade de xestión. A tarifa por hora aplicable calcularase dividindo os custos brutos de emprego anuais xustificadas máis recentes, correspondentes ao período de referencia inmediato anterior de 12 meses consecutivos, por 1.720 horas. O número de horas será considerado o tempo anual de traballo estándar e pódese utilizar sen que sexa necesario efectuar ningún cálculo.

2. Para a determinación dos custos brutos de emprego anuais no período de 12 meses a que se refire o número anterior só se incluírán aqueles custos relacionados coa persoa ou persoas que traballan directamente na operación e xustifican a dedicación de parte da súa actividade á esta, ben con base no seu salario real ben á media dos custos laborais dos empregados encadrados na mesma categoría ou nivel profesional. Non se terán en conta os custos indirectos de emprego, entendidos como aqueles relacionados co persoal que realiza actividades de índole xeral.

3. O documento en que se establecen as condicións da axuda deberá recoller, ademais dos elementos a que se refire a norma 12, a tarifa por hora resultante para cada traballador ou categoría de traballador e, se for o caso, a periodicidade coa que esta se deba revisar. O método e os cálculos utilizados para a determinación dos custos brutos anuais de emprego que permiten determinar a tarifa deberán estar dispoñibles para a autoridade de xestión ou organismo intermedio e ser auditables.

### TÍTULO III

#### **Normas aplicables aos instrumentos financeiros**

#### *15. Achegas efectuadas aos instrumentos financeiros e gasto subvencionable no momento do peche*

1. É subvencionable o importe da contribución do programa pagado aos instrumentos financeiros creados no ámbito da Unión, así como aos instrumentos xestionados directa ou indirectamente pola Comisión, cos requisitos e as limitacións establecidos na normativa comunitaria e nas disposicións e acordos que regulan os mencionados instrumentos. No caso de instrumentos financeiros relacionados coa garantía ilimitada conxunta e instrumentos financeiros titulizados en favor das pemes executados polo BEI, aos cales se refire o artigo 39 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, o Estado membro poderá utilizar o Feder para achegar unha contribución financeira, e seranlles de aplicación as normas sobre os gastos subvencionables establecidas nesta orde só en caso de que o acordo de financiamento se remita a ela.

2. É igualmente subvencionable, sempre cos requisitos e dentro dos límites establecidos no Regulamento (UE) 1303/2013 e na súa normativa de desenvolvemento, o importe da contribución do programa pagado aos instrumentos financeiros creados a nivel nacional, rexional, transnacional ou transfronteirizo, xestionados pola autoridade de xestión ou baixo a súa responsabilidade nos cales:

a. Se invista no capital de entidades xurídicas existentes ou de nova creación dedicadas á execución de instrumentos financeiros coherentes cos obxectivos do Fondo, e que asumirán tarefas de execución.

b. Se confíen as tarefas de execución ao BEI a institucións financeiras internacionais das cales un Estado membro sexa accionista, ou institucións financeiras establecidas nun

Estado membro cun fin de interese público e baixo o control dunha autoridade pública, ou a un organismo de dereito público ou privado.

3. No caso de instrumentos financeiros consistentes unicamente en préstamos ou garantías en que a autoridade de xestión ou un organismo intermedio asuma directamente como beneficiario tarefas de execución, toda solicitude de pagamento intermedio ou do saldo final se deberá referir a pagamentos efectuados pola autoridade de xestión ou o organismo intermedio polos destinatarios finais segundo se indica no artigo 42, número 1, letras a) e b) do Regulamento 1303/2013.

4. A subvencionabilidade das contribucións a que se refiren os números 2 e 3 estará condicionada á autorización da constitución do instrumento financeiro por parte da autoridade de xestión a través, no caso de instrumentos constituídos por organismos intermedios, da preceptiva addenda ao acordo de atribución de funcións.

5. Non obstante o anterior, o gasto subvencionable do instrumento financeiro no momento do peche do programa operativo será o importe total das contribucións do programa efectivamente pagado ou, no caso das garantías, comprometido polo instrumento financeiro dentro do período de subvencionabilidade, correspondente aos conceptos recollidos no artigo 42, número 1, as letras a) a d), do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, así como os importes a que se refiren os números 2 e 3 do mencionado artigo para instrumentos baseados en capital social e microcréditos, sempre dentro dos límites e cumprindo os requisitos establecidos nel, así como na súa normativa de desenvolvemento, en particular no Regulamento delegado (UE) n.º 480/2014.

*16. Normas particulares aplicables aos investimentos realizados polos destinatarios finais dos instrumentos financeiros*

1. Os investimentos que deban recibir axuda por medio de instrumentos financeiros non terán concluído materialmente nin se terán executado integramente na data da decisión de investimento.

2. Para os efectos de determinar a subvencionabilidade do gasto no marco dun instrumento financeiro, non se terá en conta o tratamento do IVE con respecto aos investimentos realizados polos destinatarios finais. Porén, cando os instrumentos financeiros se combinen con subvencións, aplicarase á subvención o previsto na norma 2, letra c) desta orde.

3. As contribucións en especie non constituirán gastos subvencionables en relación cos instrumentos financeiros, excepto as contribucións en forma de terreos ou bens inmobles relacionadas con investimentos destinados a favorecer o desenvolvemento urbano ou a rexeneración urbana, cando o terreo ou os bens inmobles formen parte do investimento. Tales contribucións de terreos ou bens inmobles serán subvencionables se se cumpren as condicións establecidas na norma 10 da presente orde.

4. Sempre que se cumpran as condicións establecidas no artigo 37, número 4, do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, tanto relativas á elixibilidade da empresa destinataria da axuda como ao obxectivo a que se dirixen os investimentos, será elixible o gasto que inclúa investimentos en activos tanto materiais como inmateriais, así como capital de explotación dentro dos límites que estableza a normativa aplicable da Unión en materia de axudas estatais e con miras a fomentar que o sector privado proporcione financiamento ás empresas; os investimentos poderán, así mesmo, incluír os gastos de transmisión de dereitos de propiedade das empresas a condición de que esta transmisión teña lugar entre investidores independentes.

5. Para os efectos do presente artigo, o capital de explotación defínese como a diferenza entre o activo corrente e o pasivo corrente dunha empresa segundo a normativa contable nacional. Os requisitos para considerar elixible o capital de explotación, así como os criterios e procedementos para xustificar o seu importe, deberanse establecer expresamente no acordo de financiamento para cada categoría de operacións.

## TÍTULO IV

### **Normas particulares aplicables aos programas operativos no marco da cooperación territorial europea**

#### *17. Xerarquía normativa*

As normas contidas na presente orde serán de aplicación supletoria á normativa de elixibilidade particular que se poida aprobar para cada un dos programas operativos do obxectivo de cooperación territorial europea aprobados conforme o Regulamento (UE) n.º 1299/2013 do Consello.

#### *18. Normas aplicables a determinadas categorías de gasto*

1. Serán subvencionables aquelas doazóns cuxo importe non exceda os 50 euros por doazón, relacionadas coa promoción, comunicación, publicidade ou información.

2. Serán subvencionables, nas condicións e cos límites establecidos no Regulamento delegado (UE) n.º 481/2014 e no resto da normativa comunitaria aplicable, os seguintes custos:

- a) gastos de persoal;
- b) gastos de oficina e administrativos;
- c) gastos de viaxe e aloxamento;
- d) gastos por servizos e coñecementos externos, e
- e) gastos de equipamento.

#### *19. Opcións de custos simplificados en materia de custos de persoal*

1. Ademais da opción a que se refire a norma 14 da presente orde, os custos de persoal dunha operación poderanse calcular como unha cantidade a prezo global de até o 20 % dos custos directos distintos dos custos de persoal da dita operación, sempre que tal posibilidade estea prevista na convocatoria de axudas, e que estableza o método para determinar o tipo finalmente aplicable conforme as seguintes opcións:

- a) un método xusto, equitativo e verificable;
- b) un método aplicado a unha categoría similar de operación ou beneficiario en réximes de subvencións financiados enteiramente polo Estado membro ou
- c) un método existente, cos seus correspondentes tipos, aplicable nas políticas da Unión a unha categoría similar de operación e beneficiario.

2. Tales circunstancias deberán figurar expresamente no documento en que se establecen as condicións da axuda para cada operación.